



CÀ DEI VOLTÌ. VICENZA (VÉNETO, ITALIA)



Alessandra Cobalchini

Manexo 'made in' Italia

A maior parte do leite que producen as vacas desta explotación dirixida por Nadia Cecchin e a súa filla Alessandra Cobalchini é transformado en queixo da DOP Grana Padano, que fabrica a cooperativa Latte Busche, á que pertencen.

Localización: Dueville (Vicenza, Véneto)
Propietarios: Nadia Cecchin e Alessandra Cobalchini
Empregados: 2
N.º total de animais: 280
Vacas de produción: 160
Media de produción: 11.000 kg vaca/ano
Porcentaxe de graxa: 3,80 %
Porcentaxe de proteína: 3,20 %
RCS: 140.000 cel./ml
Superficie agrícola: 48 ha
Media de doses de semente por preñez: 1,8-2
IPP: 420 días
Media de partos do rabaño: 2,5
Prezo do leite: 0,47 €/kg
 (importe final medio; ano 2017)

Cà dei Volti é unha gandería situada en Dueville, unha localidade da provincia de Vicenza, na rexión de Véneto. As súas propietarias son Nadia Cecchin e a súa filla Alessandra Cobalchini, e ao seu traballo na explotación súmase o de dous empregados que se ocupan das tarefas de muxido e alimentación.

O rabaño actual suma 280 animais, cuxa distribución era a seguinte o día da nosa visita: 140 vacas en lactación, 20 secas e o resto, xatas e xovencas. A media de produción actual é de 36 quilos por vaca e día. A media do ano pasado foi de 11.000 kg/vaca, cun 3,80 % de graxa e un 3,20 % de proteína. O recuento celular sitúase nas 140.000 cel./ml.

COMERCIALIZACIÓN DO LEITE

Véndenlle o leite á cooperativa Latte Busche, con sede na provincia de Belluno. Os seus 360 membros esténdense por toda a rexión de Véneto e entre eles existe unha gran diversidade: desde pequenos produtores de dez vacas que viven nas montañas a ganderías con máis de 500 cabezas nas chairas.

Os estados financeiros de 2017 determinaron un prezo medio de 0,42 €/kg para os socios, o cal, xunto ás primas de calidade e o IVE, sumou un total de 0,47 €/kg (de media).

Os gandeiros asociados deben manter o mesmo volume de produción que tiñan establecido coas cotas lácteas e, se se exceden, pagan unha multa polo entregado a maiores. “A nosa cooperativa ten unha cantidade de referencia de 350/400 toneladas de leite por día, principalmente debido aos consorcios das principais DOP de queixos, Grana Padano e Asiago, que mantiveron o seu propio sistema de cotas. Os membros só poden producir as cantidades que a cooperativa logra vender”, explica Alessandra Cobalchini.



O leite é procesado en catro factorías diferentes e está destinado á fabricación de queixos, iogures, xeados e leite fresco. O resultado é unha oferta duns corenta produtos de venda ao público. Entre os queixos, catro son denominacións de orixe controlada: Grana Padano, Asiago, Piave e Montasio. Recentemente empezaron a producir leite e queixos bio procedentes de granxas situadas nas montañas altas, o que lles permite explotar a súa materia prima a uns prezos moito máis rendibles.

“Existe un forte control da calidade que limita ao máximo o risco de ter que eliminar leite porque non cumpre cos mínimos esixidos. Cada tres anos redefínense os parámetros necesarios para obter produtos de alta calidade, o que lle axuda ao gandeiro a xestionar todos os aspectos que poden impedir o logro da mellor calidade. Con estes controis, o socio estímúlase continuamente para que o produto final, unha vez transformado, obteña un bo prezo no mercado”, manifesta Cobalchini.

A maioría dos produtos distribúen-se a través das canles dos grandes comerciantes polo miúdo, aínda que na rexión de Véneto teñen algúns puntos de venda directos. Os prezos ao consumidor indicativos dos produtos son:

- Litro de leite: 1,40 €
- Leite bio: 2 €
- Queixo Grana Padano 12 meses: 13 €
- Queixo Asiago: 9 €
- Queixo Piave: 11 €
- Queixo Montasio: 8 €

A cooperativa tamén vende unha parte importante no estranxeiro a través de Agriform, sobre todo en Inglaterra e nos Estados Unidos. ►



Schäffer
Alta Calidad Alemana Asegurada!



* FINANCIACIÓN 0% - 24 MESES

Westermann
Reinigungstechnik

Patentado en Alemania.



El auténtico
arimado en
espiral, no
compre
imitaciones

*consulte condiciones en su concesionario

Distribución Portugal:
ZJCarrageta Lda – Évora. www.zjcagriparts.pt
Agrovergeira – Pombal. www.agrovergeira.pt

Distribución España:
Formada por
25 puntos de servicio

Avda. Galicia, 109 • 33770 Vegadeo (Asturias) • Tel./Fax: (+34) 985 634 238

Comercial: info@fondrigomaquinaria.com
Recambios-Asistencia: servicio@fondrigomaquinaria.com

www.fondrigomaquinaria.com

AGRICULTURA

En Cà dei Volti dispoñen de 48 hectáreas, das cales o 20 % é terreo propio e o 80 % trabállano en alugueiro. Os pastos permanentes ocupan o 70 % da superficie e deles obteñen entre catro e cinco cortes ao ano, ademais dun último corte que é pastoreado por vacas secas e xovencas. No resto combinan herba polifita de inverno con sorgo no verán para a produción de ensilaxe.

Hai xa un tempo que deixaron de producir millo debido aos riscos das toxinas, os altos custos da rega e os tratamentos contra *Dyabrotica*, un insecto que se estendeu na rexión nos últimos anos. En cambio, o sorgo é un cultivo moito máis fácil e máis en concordancia, afirman, coas súas ideas éticas e económicas.

A maioría das tarefas agrícolas, como arar, sementar, estender esterco e cisternar, confíanlle a empresas externas. En cambio, traballos coma o corte e o procesamento das forraxes lévanos a cabo eles mesmos.


ALIMENTACIÓN DO RABAÑO

Para as vacas en muxido elaboran unha ración *unifeed* composta por 8 kg de silo de herba, 1,5 kg de feo de alfalfa, 2 kg de farelo, 0,4 kg de fariña de liño, 3 kg de núcleo, 2,5 kg de fariña de soia, 7,5 kg de fariña de millo e 23 kg de ensilaxe de sorgo. No verán, esta alimentación é complementada con pastoreo durante a noite.


No caso das xovencas e as secas, a época de pastoreo esténdese desde abril ata decembro. A ración das secas varía con respecto á de lactación nas seguintes cantidades: 1 kg de soia, 1 kg de farelo, 2,5 kg de palla e 8 kg de ensilado de sorgo.

En canto ao manexo alimentario da recría, os animais acabados de nacer reciben o calostro e leite materno os primeiros catro días e despois leite en po ata os 60, ademais de penso, herba seca e auga. Os seguintes dous meses aliméntanse a base de penso, herba seca e auga, e logo substitúenlles o feo por ensilado de herba *prehenificada*. Así contiñan ata que cun ano empezan a recibir a súa ración *unifeed* específica.

► TODAS AS XOVENCAS FAN O PRIMEIRO PARTO NA EXPLOTACIÓN, PERO É FRECUENTE A VENDA DE REPRODUTORAS DE DOUS PARTOS OU MÁIS



Interior da nave de produción



Duchas na sala de espera



A media de produción actual é de 36 kg vaca/día

ORGANIZACIÓN E BENESTAR

As xatas ata un ano alóxanse no establo vello; ata a desteta están en boxes individuais e despois, en boxes colectivos. A partir do ano pasan para o establo novo, onde empezan a ser inseminadas.

As vacas en muxidura están nun só lote, excepto as de posparto, que permanecen un mes nun grupo á parte onde reciben glicol extra –para previr a cetose– e fariña de millo. O muxido faise nunha sala de espiña de 16 puntos dúas veces ao día.

As vacas recentemente paridas e as que sofren algún tipo de problema reciben a vista do podólogo unha vez ao mes. O veterinario da gandería é un especialista en homeopatía, xa que optan por esta alternativa á medicina tradicional sempre que é posible, excepto para as patoloxías máis agudas.


A maioría dos animais descansan en cubículos con cama de palla para previr, segundo din, xarretes inchados e perdas de leite. As vacas vellas permanecen nunha zona especial, sen cubículos, para que duren máis tempo.

Teñen dúas duchas instaladas na sala de espera, ás que as vacas sempre teñen acceso para refrescarse; tamén dispoñen de ventiladores para mellorar a renovación do aire no interior do establo.

Hai xa dez anos que optaron polo secado selectivo, é dicir, non usan antibióticos de forma sistemática para secar, senón só para vacas con problemas de células e mastite durante a lactación. Asegura Alessandra que teñen vacas de sete anos no establo que “nunca recibiron antibióticos”. ►►

VENTILADORES

**¡NO PERMITA QUE EL CALOR DISMINUYA
LA PRODUCCIÓN DE SUS VACAS!**



ARRIMADOR MEZCLADOR DE COMIDA



- ARRIMA, AIREA Y BARRE FÁCILMENTE
- REDUCE Y FACILITA TU TIEMPO DE TRABAJO EN EL ESTABLO
- EVITA LA FERMENTACIÓN DE LA COMIDA AL AIREARLA



ROBOT EMPUJADOR DE FORRAJE ROBOT BARREDOR DE RESTOS



- MEJOR ACCESO AL COMEDERO
- MEJOR INGESTIÓN



SIMPLE · INTUITIVO · GUIADO SEGURO

 **COW-BOY**

Consulte precios sin compromiso

Camiño vello de Mourelle, s/n – 15840 Santa Comba (A Coruña) – ESPAÑA
Telf. 981 88 05 50 – 981 88 05 75 • Fax. 981 88 06 06
e-mail: elmega@elmega.com • web: www.elmega.com


ORIXE DE CÀ DEI VOLTI

O pai de Nadia era un granxeiro apaixonado pola cría e a xenética. Na década dos cincuenta puxo en marcha o negocio cun grupo de xovencas de Suecia compradas a un importador milanés. Anos máis tarde, Nadia, xunto ao seu esposo Francesco Cobalchini, fíxose cargo da finca paterna, que naquel momento tiña 50 vacas e que logo se expandiu considerablemente coa construción dunha nave nova no ano 2001. Francesco sempre traballou fóra da explotación, primeiro como cualificador da Asociación Nacional de Criadores de Raza Frisona de Italia (ANAFI), despois como analista de touros e agora como director de Intermizoo, un dos principais centros de inseminación artificial italianos. A paixón que sempre tivo pola selección, combinada coa actividade na gandería, déronlle a oportunidade de comparar e verificar no campo os resultados prácticos do seu traballo.



Nadia, Francesco e as súas fillas Alessandra e Beatrice

► OS SEMENTAIS ELIXIDOS DEBEN SER TRANSMISORES DE ALTA CANTIDADE DE QUEIXO, DE ACORDO A UN ÍNDICE DESENVOLVIDO POLA UNIVERSIDADE DE PADUA MEDIANTE O PROCESAMENTO DE DATOS REAIS DE TRANSFORMACIÓN EN QUEIXO DE MOSTRAS DE LEITE TOMADAS DO CONTROL OFICIAL



Un grupo de xatas de curta idade



O silo de sorgo é o ingrediente principal da ración das vacas de leite

REPRODUCCIÓN

Os partos concéntranse de agosto a febreiro e a recría faise toda na granxa. A primeira inseminación ten lugar entre os 12 e os 13 meses en función do peso e a condición corporal da xovenca e das características da nai.

Todas as xovencas fan o primeiro parto na explotación, pero é frecuente a venda de reprodutoras de dous partos ou máis; nos dous últimos anos venderon unhas 60 vacas.

A fertilización media sitúase entre 1,8 e 2 doses de seme por preñez. O intervalo medio entre partos é de 420 días e o intervalo parto-primeira concepción, de 143.

Apostan pola transferencia embrionaria para acelerar a selección xenética e, para iso, botan man do programa Intermizoo Irongen.

O número medio de partos é de 2,5. No entanto, para o cálculo desta cifra hai que ter en conta que moitos dos

animais se venden despois de dous partos na granxa.

SELECCIÓN XENÉTICA

Para a selección xenética prefírense touros que proporcionan vacas fáciles de manexar, por tanto, afirman, “pequenas ou medianas”, pero “de estrutura sólida e boas para patas e ubres”. Asegura Alessandra que as vacas altas “son máis fráxiles e reaccionan peor aos cubículos”.

Tamén buscan bos índices de lonxevidade e fertilidade, así como leite de boa calidade ao estar destinado á súa transformación en queixo. “O touro Prince, do que temos fillas de sete partos e xatos neonatos, representa moi ben os nosos obxectivos de selección ao longo dos anos, dando lugar a vacas de estatura media, con patas excelentes e ubres un pouco profundos como primíparas, pero sólidos nos ligamen-

tos e fáciles de muxir. Os datos de células somáticas, fertilidade, lonxevidade e transformación en queixo confirman que segue a ser un touro de alto nivel na actualidade”, expresa Alessandra.

Usan touros xenómicos, pero co criterio de testaxe (10 doses por touro para ter 5-6 xestacións) para aproximadamente o 50 % das vacas. Para o resto utilizan touros probados, co obxectivo de ter unha trintena de xestacións de cada semental elixido. O seme sexado utilízano só en xovencas.

Para vacas con problemas ou para as menos boas prefírense touros de carne, especialmente Azul Belga. Pola facilidade de parto, agora están a probar coa raza Angus, pero o seu prezo no mercado é por agora baixo. ■